



Nº 7



2020/2021



Gústanos o noso cole porque aprendemos moito e nos levamos moi ben entre todos... Aparte, quen non quere ter un león de mascota?

BREVES

NOVAS



HUMOR

DEPORTES

SAÚDE





BREVES

Temos novo compañeiro: o esqueleto Pepi!



O CEIP Feliciano Barrera ten moitos materiais para xogar.

Este ano estreamos unha nova actividade. Os nenos e nenas de 5º e 6º empezaron a construír e programar robots.




Este curso actuou para nós Peter Punk.



NOVAS

Infantil

Os nenos e nenas de infantil traballan por proxectos durante todo o curso.



Proxecto China



Proxecto Horta



Proxecto Os Nomes

Os nenos e nenas de 5º e 6º de Infantil fixeron un fermoso proxecto:

IMOS DE VIAXE AO POLO NORTE.



FOMOS DE VIAXE AO POLO NORTE, MOTIVADOS POLA VISITA DE PAPA NOEL ÁS NOSAS CASAS. PERO O QUE NECESITABAMOS PARA VIAXAR, ERA UN PASAPORTE. COMO ÍAMOS A VIAXAR ATA O POLO NORTE? POIS EN AVIÓN CON PASAPORTE EN MAN MONTAMOS NO NOSO AVIÓN CARA O NOSO DESTINO.

CHEGAMOS AO POLO NORTE MIRAMOS AO NOSO ARREDOR E QUE ATOPAMOS? NEVEEEEEE!!!

QUE BEN O PASAMOS XOGANDO COA NEVE!



INVESTIGANDO SOBRE O POLO NORTE INDAGAMOS QUE AS CASAS ALÍ NON ERAN COMA AS NOSAS. CHAMÁBANSE IGLÚS E ESTABAN FEITAS POR BLOQUES DE XEO.



COMO NOS GUSTA MOITO CONSTRUÍR INTENTAMOS ELABORAR IGLÚS CON DIFERENTES MATERIAIS, BLOQUES DE CONSTRUCIÓNS, PLASTILINA E A NOSA PROPIA NEVE.



ENCANTOUNOS COÑECER O POLO NORTE!

NA CLASE DE 1º FACEMOS MOÍTAS COUSAS

Xogamos cos ordenadores e coas tablets.



Construímos un mundo de pezas.



Facemos experimentos e manualidades.

sementarmos lentillas e flores.

Xa sabemos ler e escribir e traballamos moito.

Vemos vídeos e tamén facemos os nosos propios vídeos.


Imos de paseo en busca de plantas e animais.

Nenos e nenas de 1º.


O xerminadoiro

COMO FAZER UN XERMINADOIRO?


1º construimos a maceta
cortando unha botella pola metade



2º pasados poucos días
as sementes comenzañ a crecer.



3º introducimos algas
algodón e lentilllos



4º As lentillas crecen moito
e comenzañ a saírle raíces



Que precisamos para construir un xerminadito?
Busca as palabras:

M K X Q A L G O D Ó N S Z B
F W I O G V J S S O L G P B
T L X R O T U L A D O R G Y
K C Z B F A O B O T E L L A
T E S O I R A S A I E Y J X
Q M T L E N T E L L A S P M
J P D T Y Z N C D Z A U G A
P M P Z X J D G F K L V B R
L W E M F T I J E Y P A P U
W L Z V I V F S U E D L K W
K D Z J T O Q N B O P B P Q
I L W V V A K S E M E N T E
T Z K G T S O G B E O F A R
X V P P U B Z W R I V Y U Q

AUGA

ALGODÓN

BOTELLA

LENTELLAS

ROTULADOR

SOL


TESOIRAS

SEMENTE

1º EDUCACIÓN
PRIMARIA .

23-3-2021

Saímos un día do cole e
fumos dar unha volta polo
monte e vimos muitos tipos de
plantas e de árbores. Tinan muitos
tipos de follas caducás,
perenne e as plantas tinan
follas que picaban muito
e a directora nos explicou
todo.



Na clase de 2º

A NOSA TENDA DE MOUSTRUMOS!

Temos unha tenda que se cha moa. Tenda de xoguetes. Mooustumos. Temo un lemea onde se queres carxeas os tíquetes. E por ultimo os tíquetes. Se queres 50 euros teo que multiplicar 20 euros da 3, tamén se queres 20 euros da 2 e se queres 5 euros da 2 e conseguimos os tíquetes.

Uma



AS NOSAS PLANTAS.

No coleccio estivemos plantando flores. Primeiro pasouse a terra e despois facer dan burato e despoxe botarla a somente e tapalo e despois botarle auga e esperar. Así é como plantamos as nosas flores.

Laura



NOTICIAS DO PASADO.

FAI 25 ANOS (1996)

- Yuji Hyakutake descubriu o Cometa Hyakutake. Parou moi preto da Terra.
- Nace a ovella Dolly, o 1º animal clonado.
- En España realizouse o 1º transplante dun corazón artificial.

CANDELA, MARTINA, MARÍA, LAURA, UNAI

FAI 50 ANOS (1971)

- Pablo Neruda recibe o Premio Nobel de Literatura.
- Fundáronse Médicos sen Fronteiras e Greenpeace.
- John Lennon lanza a súa canción Imagine.

LEIRE, CECILIA, KARINA


FAI 100 ANOS (1921)

- Turquía e Alemania asintan a paz.
- En Suecia as mulleres obtinen o vello a votar.
- Charlie Chaplin estrea a película "O chico".

Piaña, Meyran, Gala, Ainhoa

RECEITAS SABOROSAS

Milanesa de pollo.




INGREDIENTES

- Pollo
- Batata
- Pan rallado
- Aceite e sal

ELABORACIÓN

1. Fritáense en rehogos e
se le da forma.
2. Pásense por aceite batido e
después por pan.
3. Fritáense en aceite bien
quente.

Sopa laranja




INGREDIENTES

- Patata 300 gramos
- 1 tomate
- 100 g de cebolla
- 100 g de verdura variada
- 160 g de aveia
- Sal 1/20 g
- 20 g de aceite

ELABORACIÓN

1. Botámen todos os ingredientes nunha
tortiera
2. Cocíñanlos todos os ingredientes 25 minutos.
3. Botar e servir

Macarrones con queso



INGREDIENTES


- Macarrones
- Queso
-
-
-

ELABORACIÓN

1. Cociñemos los macarrones, los
estiremos
2. le ponemos el queso
3. lo dejaremos en el horno

E AGORA DOCES...


biscoito de chocolate.



INGREDIENTES

- Farinha
- Água
- Leite
- Cacau
- Óleo e leite

biscoito de iogurte



INGREDIENTES

- Iogurte natural
- 2 ovos de abóbora
- 2 ovos de galinha
- 3 ovos
- Meio copo de leite d'agulha.


ELABORACIÓN

1. Colocamos um recipiente e juntamos os ingredientes todos e mexemos bem.
2. Vamos a massa numha tava. Metemos a tava no microondas.
3. um tempo de cinco minutos a 800W. ¡¡es riquinho!!

ELABORACIÓN

1. Pega o forno a 180 graus.
2. Unta o teu recipiente com manteiga e polvilha a farinha.
3. Cozinhando 10 minutos deixar esfriar na bancada.

Filhos



INGREDIENTES

- 1 litro de leite
- 4 ovos
- 1 pitice de sal
- 400g. farinha
- 50g. manteiga

ELABORACIÓN

1. Mezclamos todos os ingredientes nun bol e pasámoslle a batidora.
2. Batímoslle un poquinho de aceite na varía, ponos ao lume.
3. Quando este ben quente, empesamoa a fritar.

¡ BOI PROVEITO !

CONTOS PARA ANTES DE DURMIR



Había una vez... un gato muy recatado
que un gato negro, eran iguales, eran pequeños,
eran felices y se aguantaron. Fueron viviendo
en un desierto, solo mar... e también vivieron
juntos se fueron amigos. Fin.



Había una vez un coelho de
pascua. Un día encontróse
mal, entro chamou a los suyos
amigos e ningún quisio
esconder su oso. Un rato
que pasaba cerca de allí
escuchó al coelho e dijo: Tu
quiero hacerlo. Fin.



O Arco da Vella



Dúas amigas, Emma e Sofía quedaron
unha tarde para xogar. Cando Sofía
chegou a casa de Emma, viu
que ela non estaba, marchouse
a casa doutra amiga. Sofía de camiño
a súa casa, fíxolle do Arco da Vella,
Sofía non estés triste, eu son tu amiga
PARA TODA A VIDA!



Un meu colesario.



Había unha noite en que neno que
me encantaba o coidado. Unha
mañá o neno foi ao sole e a
madrilexe (a toda a lucidez),
imosa a coidada ninenor, e dixo a
nena, hein! e espazos a ordenar, que
que dixodido, e lhe dixo a papa: Está xerafin.



SECCIÓN: ANUNCIOS

O XERSEI DAS APERTAS



Pois para todo isto temos solución!!!

Preséntovos o **Xersei das Apertas**, co que vos ides a sentir moi ben. Este xersei ten un deseño moi amoro, é moi quentiño, e a maiores ten algo máxico. Se o xersei sinte que estás triste, automaticamente dáche apertas ata que nota que estás mellorando.

Non o dubides, será o teu mellor compañeiro nos días que estes más baixo de ánimos. Ten un prezo increible e podes atopalo a venta nas mellores tendas **NWP**.

ANIMÁDEVOS!!!!

Periodista: Norah 4º



Cartas á directora

Querida directora:

Gustaríame que tiveramos 30 minutos de recreo e que houbese un parque como o de infantil. Gustaríame ter máis días de cole, pero que os días que houbese más cole só tiveramos recreo. Encantaríame ter más Educación Física e más robots para todos.

Querería menos temas e más material para xogar. Pero se hai moito material para xogar que fagan más casetas.

Grazas por todo isto.

Atentamente Angel Jose F. R.

Querida directora Alba Amoedo Amoedo:

Estouche escribindo para falar do tema do patio de infantil e do de primaria.

Os nenos de infantil estádeslle a por moitas cousas novas e xoguetes novos e nós antes só tiñamos unhas carretillas e pouco máis. A mi paréceme discriminación que a nós non nos puxerades tantas cousas como teñen eles. O que me parecería más normal é que nos puxerades no patio de primaria cousas como unhas plantas que den froita, unha cama elástica...

Atentamente Xes

Querida Alba Amoedo:

O que quería decirche era que botamos moito de menos o fútbol e o material que se podía coller no recreo da caixa. O que che pido é que si vai a tardar en volver moito o fútbol ou se non vai volver polo menos decirlle o mestre Óscar, que volva durante un mes na Educación Física.

Outra cousa que che quería dicir era que escoiteivos xa fai tempo, máis de un ano ou así, que iades a facer un mellor campo de fútbol, como o que xa está pero con herba artificial. Tamén pode ser que eu escoitara mal ou que fora unha broma que lle escoitei a outros nenos, pero paréceme unha idea xenial.

Moitas grazas.

Ata logo.

Firmado por Hugo.

Querida Alba Amoedo Amoedo:

Escríboche para comentarque que encantoume o bonito que esta quedando o colexio, e eu estou un pouco enfadada porque gustaríame que tamén teñamos bancos para merendar no patio de primaria.

Un saúdo.

Vanesa.

Querida directora:

Escríboche para preguntarque cando ímos a poder usar o material do colexio porque cada vez que saímos ao recreo votamos de menos o balón de fútbol, o balón de baloncesto, os aros, a petanca... creo que tamén o coronavirus non nos deixa e eu entendo que o protocolo é ese.

A ver si o ano que ven podemos utilizar o material para poder divertirnos mellor.

Tamén agradezo os ordenadores así podemos estudar mellor e ademais nos anima moito e facer os deberes, é máis sinxelo.

Un saúdo

Álex

Estimada directora:

Estouche escribindo para agradecerche os ordenadores.

Tamén quería pedirche que puxeras unhas mesas na biblioteca no seu patio pequeno do lado.

Ademais quería agradecerche as reformas da estrada e ter uns xeles hidroalcohólicos, polas medidas de seguridade. Quería usar o material de educación física no recreo pero con isto non se pode ¿canto tempo durara isto? ¿Podiades traer más libros a biblioteca? Quería libros de aventuras e emoción e uns libros para infantil de animais e cousas máxicas.

Saúdos

Antía



Proxecto “Palabras viaxeiras”

En cada aula traballáronse os distintos medios de comunicación. Escribimos cartas e aprendemos as súas partes. Ata lles ensinamos aos Bolechas no seu programa da TVG como se fai iso de escribir unha **carta**.



Os nenos e nenas de 3º de primaria participaron nun proxecto chamado "O meu Primeiro Festival de Cine", incluso fixeron un praxinoscopio e un zoótopo.





Suecia

Unha alumna de 2º e a súa irmá de 3º, mudáronse a Suecia, o que deu lugar a un novo proxecto.



Reproducimos auroras boreais.

Traballamos o conto
Pipi Calzaslongas




Cantamos unha canción de despedida:
“Noa e Nadia, a Suecia irán, e nós, imos
despedilas” (música de ABBA).

Bailamos
“Fjärsken”
(danza sueca).



Elaboramos un libro con información sobre Suecia.





O día a día na biblioteca Leo León

A pesar da actual situación sanitaria e das restriccións impostas dende principio de curso, a biblioteca mantívose sempre aberta. Houbo que pensar ideas novas, lugares novos e novos xeitos de facer, pero cremos que foi un éxito que seguisse funcionando durante todo o curso o préstamo de libros, o uso dos ordenadores, a investigación en distintos soportes, a hora de ler, a celebración das distintas conmemoracións, os experimentos, as cartas e mensaxes a Leo León ... En definitiva, cremos que pagou a pena o esforzo e que a biblioteca pode seguir sendo o noso refuxio, sexa cal sexa a situación que nos rodea.

Este curso, a habitual explicación dos axudantes de biblioteca sobre as normas, organización, zonas, posibilidades ... fíxose en forma de vídeo-tutorial. A maiores fixeron un tutorial das medidas de hixiene para un bo uso da biblioteca.



Polo día das bibliotecas, todos tivemos un regalo que nos encantou, un marca páginas coa frase “Leo León sempre ao teu carón”.

Ademais, Leo León deixou unha mensaxe no blog que se podía ver e escuchar escaneando un código QR.



Leo León visitou as aulas de educación infantil, e todos quedaron moi sorprendidos cos seus ruxidos. Foi moi fermoso ver o primeiro contacto dos máis pequenos coa nosa mascota. Quedaron encantados e xa non deixaron de preguntar por el.



A pesar dos cambios que houbo que facer nos horarios para adaptarnos á nova realidade nos centros, seguimos mantendo “A hora de ler”.

Contamos contos co “Kamishibai” que en xaponés significa "teatro de papel". É unha forma de contar contos moi antiga dentro da tradición oral das narracións xaponesas.



Tamén fixemos obras de teatro:

A violinista xorda.



As fadas e o dinosauro.





Novas zonas na biblioteca

Coa dotación de novo mobiliario, fixemos unha ampliación da biblioteca ao exterior. Puxemos bancos, tumbonas, céspede artificial e mercamos uns carriños para transportar os libros ao exterior. Foi todo un éxito!



Decidimos montar un recuncho feliz. Puxemos cortinas, coxíns, luces con forma de estrelas ... Todos queren ler tombados no novo recuncho da nosa biblioteca.





Ciencia

Logo de investigar nos ordenadores e de revisar os fondos relacionados coa ciencia e os experimentos, tódalas aulas se animaron a realizar todo tipo de experimentos científicos e tecnolóxicos.

“peixes
que
nadan”



Cores



Mesturas



Medida



Dixestión

Alimentación das plantas





Roda hidráulica



Crecen as plantas sen luz?



Leite máxica



Ciclo da auga

Sistema Solar



Ecosistema



Realidade aumentada





Robótica

O centro participou este curso nun proxecto de robótica e tamén no proxecto Digicraft. Os nenos e nenas aprenderon a montar un robot, a programalo, crear un espazo virtual, compartir mundos virtuais, experimentar coa intelixencia artificial e empregar tarxetas make para dar vida a maquetas de instrumentos musicais.





Sección bilingüe

UNHA NOVA PROFESORA

Ao noso colexio viu de Irlanda Edel

Edel, unha muller de 35 anos, viu ao noso colexio dende Irlanda para axudarnos co inglés.

Edel, é unha das persoas que visita o noso colexio dende sitios estranxeiros como Aimeé, Christy...

Estamos encantad@s de que queiran axudarnos a tod@s a mellorar o inglés, e que podamos coñecer a xente doutros sitios.

Desmoslle a benvida a Edel!!!!



Nenos e nenas de 4º





INTERVIEW WITH OUR NATIVE TEACHER EDEL

From the 5th grade class of CEIP Feliciano Barrera School, today we are going to interview our native language assistant, Edel Duff from Ireland for our school newspaper “Galegando”. She arrived to Gulans on the 4th March 2021. We were looking forward to meeting her.

1. Which part of Ireland are you from?

I am from Portlaoise, a town in the center of Ireland.

2. Do you like sports?

Yes, I do. My favourite sports are running, cycling, walking, dancing and aerobics.

3. What do you like the most about your country?

My favourite about Ireland are the green countryside, and Irish music and dancing.

4. What is your favourite song?

I haven't got a favourite song but I like Irish artists, for example: *Dermot Kennedy, Koda line and Picture This.*

5. Do you have any brothers or sisters?

Yes, I do. I have five brothers and two sisters. I'm the youngest.

6. Where do you live here?

I live in a house in Mondariz.

7. Do you have pets?

Yes, I do. I have a cat and a dog.

8. What's your favourite food?

My favourite food is fish.

9. What's your favourite colour?

My favourite colours are green and purple.

10. Do you like Spain?

Yes, I do. Spain is one of my favourite countries, apart from Ireland.

Thanks a lot, Edel for your time and attention. Welcome to Guláns and to our school.

Alumnos e alumnas de 5º



Polo día do amor e a amizade fixemos mensaxes en galego e en inglés. Á volta do Entroido, cada neno puidoo "Pick up one".


A mestra especialista de inglés, xunto coa auxiliar de conversa, Edel, fixeron varios contacontos bilingües como "A big dream" e "The Gruffalo".



O alumnado tamén se animou con "Clover a different little pig" e "A Diary of a Wimpy kid".



O alumnado tamén fixo algunha investigación sobre distintos lugares do mundo de fala inglesa.





OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

O TELÉFONO

A traxición do teléfono

O teléfono foi inventado no ano 1854 polo inventor italiano Antonio Meucci. A primeira chamada sen cables tivo lugar no 1973, grazas a Martin Cooper.



Durante os anos seguintes, desenvolvérionse os modelos e incluso na década de 1990 atopámos unha, xa eran non compactos móveis. Os seguintes



modelos que incorporaban pantallas

Despois que permitía facer multimedia, chegaron os mensajes de fotografía.

Son, nos 2007, que podía incluir texto e imaxes. Navegación, incluían dispositivos táctiles e por interpet.



e outras aplicacione. O móvil non só serás enviar mensaxes, senón que podes facer



A TELEVISIÓN

6 CURIOSIDADES DA TELEVISIÓN.



En outubro de 1925, John Logie Baird realizou a primeira transmisión televisiva tra unha imaxe dunha cara humana.

LEIRE.



No ano 2004, o número de televisores en Gran Bretaña superaba ao número de persoas.

A palabra televisión entrou no vocabulario oficial no ano 1907, a abreviación TV no 1948.

Martina

En promedio os menos americanos ven unhas 13 mil millóns de horas de televisión cada més na televisión entre os 5 e os 14 anos.

Isto da que pensar... ☹



No 1995 en Benin (África) un mono foi arrestado por roubar unha antena de televisión!



Laura

"Saben qué é Xerial da televisión? Se algo importante ocorre en calquera parte do mundo, de dia ou de noite... sempre podes cambiar o canal."



Christopher Lloyd in Taxi


Gala



A RADIO


CURIOSIDADES DA RÁDIO

A radio é o medio de comunicación mais antigo, polo seu baixo custo e popularidade.



A radio xoga un papel vital na comunicación de situacións de emergencia!!! Podemos transmitir de xeito immediato, sen importar a distancia.

A Unesco proclamou o 13 de febreiro: Día Mundial da Radio, para conmemorar o día en que as Nacións Unidas crearon a Radio das Nacións Unidas.





O XORNAL E A CORRESPONDENCIA

[Curiosidades do periódico]

o periódico e os revistas
son publicacións regulares
no tempo que informan

sobre noticias da actualidade.

O primeiro periódico
tivo lugar en Viena

no ano 1529.

Era unha solla de noticias
chamada mercurio,

O Papagayo.

Aincha



A Correspondencia.

Unha familia nadia fai uns anos,
tantos meses en non ter noticias
dous ser o perido. Transmitir
información era moi lesto.

o principio sóbansi sinais de fume,
atletas recorrian longas distancias por
tro Correo refírese a "o que corre".



Días especiais no CEIP

Feliciano Barrera

O Samaín e o magosto no CEIP Feliciano Barrera

Os alumnos e alumnas do CEIP Feliciano Barrera pasárono xenial no Samaín, acompañádenos nesta aventura?





Todo o colexio baixou a celebrar o Samaín ao campo de pedra. Os alumnos e alumnas baixaron curso por curso e os nosos pais, nais e familiares prepararon castañas asadas, xogos e pintamos as nosas caras co carbón das castañas!

Pasámolo moi ben, foi un día estupendo.

Entre todos e todas colaboramos e respectamos as normas para poder celebrar o Samaín este ano.

(Yaiza, Mateo N. e Breixo 3º)



Fixemos un mural dos novos medos que apareceron ultimamente: as pantasmas, as arañas, os morcegos, a escuridade, a morte.... para deixalos alí custodiados e que non nos persigan ata o próximo Samaín.

Ademais, coa axuda das familias cada neno/-a enviou unha foto terrorífica e xuntámoslas todas nun vídeo.





Día contra a violencia de xénero

Dende a biblioteca, publicamos a entrevista do alumnado de 2º sobre estereotipos nas revistas.




Traballouse tamén sobre as calidades das mulleres que as converten en Superheroínas .

En infantil fixeron un mural logo de ler varios contos da biblioteca que falaban sobre a igualdade. O CEIP Feliciano Barrera di NON á violencia de xénero.



O resultado final viuse reflectido nun conto viaxeiro, que foi creado entre todo o alumnado do centro,




pasando de aula en aula, e que xa forma parte dos fondos da biblioteca de Leo León.





Operación Nadal no cole de Guláns

Os alumnos e alumnas pasárono xenial no colexio Feliciano Barrera.



Na semana de Nadal, no CEIP Feliciano Barrera, os alumnos/as e profesores/as adornaron todo o colexio e puxeron unha árbore de nadal na biblioteca. Todo o cole encargouse de facer

adornos para decorar a árbore. Tamén fixemos postais e un festival de Nadal virtual.

Foi moi divertido.


(*Mateo M., Ana e Izan 3º*)



My secret Santa



Retransmitimos un “falso directo de Youtube” o festival coas actuacións de cada clase, que iamos comentando no chat dende as clases e tamén dende as casas. E tivemos a visita sorpresa dun elfo que deixou fermosos agasallos






O Entroido no cole

Unha semana chea de xogos, disfraces, manualidades e moita diversión.

No CEIP Feliciano Barrera pasamos un entroido moi divertido. Cada día da semana Leo León mandounos traer un accesorio diferente ao cole.





O luns un peiteado diferente ou algo na cabeza, o martes unha gravata, o mércores uns calcetíns diferentes por riba do pantalón, o xoves as prendas do revés e o venres o disfraz que quixéramos. Pasámolo xenial e bailamos todas as clases unha canción chamada “Jerusalema”. Foi moi divertido.



Ademais, na clase fixemos máscaras de entroido e manualidades que nos encantaron. Deixamos unhas imaxes para que o recordedes.



(Ares, Nahir, Hugo e Angel 3º)





Baile Jerusalema



Para o Entroido, propuxemos un reto: recrear unha portada dun libro da biblioteca.









Día de Rosalía

Celebramos o Día de Rosalía cantando todos xuntos "Adiós ríos, adiós fontes", cantado por todo o alumnado, facendo manualidades, aprendendo sobre Rosalía e a súa vida e facendo un gran mural co poema que escollerón os nenos e nenas.



Día da muller

Polo día da muller, fixemos entre todo o cole “A árbore do respecto”.



Actividades sobre vidas de mulleres talentosas en 3º de Primaria.



Manualidades en Infantil.



Día da poesía

Polo día da poesía os nenos e nenas recitaron poemas, fixemos recomendación lectoras, compuxemos poemas propios nas aulas e ilustramos poemas infantís en tódalas aulas. Os poemas ilustrados colgáronse no patio para que o alumnado e as familias puideran velos.

O meu poema

Cando me sinto alegre
o meu sorriso é valente.
Cando choro as lágrimas
parecen de fogo.

Cando me enfado me
esconde e non paro.

Cando scogo cos meus
amigos todos teñen un
gran sorriso.

Martina





Semana do libro

Ademais das habituais manualidades, marcapáxinas e lecturas na aula, pola semana do libro, cada neno colleu emprestado da biblioteca o seu libro preferido. A cada libro puxéronlle un lazo e unha nota na que explicaban o motivo polo que lles gustaba o libro. Fixemos un sorteo e cada quen levou para casa o libro preferido dun compañeiro ou compañeira de clase.



Propuxemos un reto para que cada aula puidese salvar ás personaxes do conto que previamente traballaran na aula. Aos nenos e nenas encantoulles buscar as personaxes, responder as preguntas, o traballo en equipo...





Por suposto, como cada ano, nas sesións de lectura sacamos os libros ao aire libre e buscamos lugares alternativos nos que ler. Os lugares nos que lemos foron moi variados, dentro e fóra do cole.






Semana das Letras Galegas

Na biblioteca preparamos unha exposición con tódalas obras de autores homenaxeados nas distintas edicións das Letras Galegas.



Propuxemos tamén unha serie de preguntas para investigar entre os libros dos autores homenaxeados ao longo da historia. Cada aula escolleu uns cantos autores para investigar sobre eles e entre todos elaboramos na aula virtual do centro un gran taboleiro de Padlet no que aparecen tódolos autores e autoras aos que algunha vez se lle dedicaron as Letras Galegas.



Os nenos e nenas de 3º fixeron unha investigación sobre a vida e obra de Xela Arias e presentáronnos a liña do tempo que eles mesmos crearon.

Tampouco faltou a música. Cos temas de Xardín Desordenado sobre os poemas de Xela Arias e a muiñeira, na clase de Música.





Outros días especiais

DÍA DA FAMILIA



DÍA DO DESEÑO GRÁFICO E A COMUNICACIÓN

Para contribuír ao noso proxecto da Comunicación, fixemos dela unha ferramenta de valor social, creando un collage sobre o Deseño da Comunicación (3º curso) e carteis con diferentes linguaxes: braille (4º) e lingua de signos (Infantil). Tamén un taller de arte con Hervé Tullet (1º e 2º).





DÍA DA VOZ

Seguindo o lema “Un mundo, moitas voces”, dámosslle voz ao alumnado de 6º de Primaria, que preparou un rap, que trata sobre o que temos no noso cole e en Guláns. Letra composta pola Directora Alba.



RAP DE GULÁNS

Este é o noso cole
O cole de Guláns
Se queredes coñecelo
Escoitade este rap
Temos rocódromo
E xogos no chan
Temos casetas
Areeiro e ban bans
Temos xoguetes
e moito material
xogando neste cole
pasámolo xenial!
Temos ordenadores
Tablets e demais
E agora cos robots
Tecnoloxía total!
Temos a biblioteca
Que é fenomenal
Con xogos e con libros
E a mascota ideal!
Pensades que é pouco?
Pois aínda temos máis

Porque o noso cole
Atópase en Guláns
E teñen pementos
E hortas a fartar
Montes e veigas
Moito verde hai
Teñen a Avisoureira
Que é a casa cultural
Cun gran escenario
Que nos prestan pra actuar
Dúas veces o ano
suben a San Cibrán
E nós tamén subimos
Con árbores pra plantar
A banda de música
Que toca xenial
E bailan os Reis
É un pobo musical
O mellor deste cole
Seguro sen dubidar
Os profes, os nenos
A xente, os pais e nais!



DÍA DO CONSUMIDOR

No colexio sumámonos á necesidade dun consumo diferente, máis respectuoso. Para reducir o volume de residuos no noso planeta, seguimos a regra das tres erres: Reducir-Reutilizar-Reciclar.

Para reutilizar plástico, en música realizamos instrumentos de percusión con materiais de refugallo: A maraca de arroz e a serpe.



Desfrutamos dun obradoiro impartido polo Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra para coñecer un pouquiño mais sobre a compostaxe.





HUMOR

CHISTES DO DÍA

Se car é carro e
men é home,
entón, Carmen é
un transformer.

- Que fai unha abella nun
ximnasio?
- Zumba.

dicen os expertos que van ser uns
año sen chuvias

me temo que debido a crisis a economistas
traballan de meteorólogos





CHISTES

*Cal é o colmo do actor
Santiago Segura?*

*Que se atope en Santiago con
securitas direct e que este
inseguro☺.*



Cal é o colmo de un oso panda?

*Que lle saquen unha foto en
color e salga en branco e
negro☺*



*Como sair do deserto cunha
laranxa?*



*Colles a laranxa,
a partes a metade,
fas zume,
o zume ten vitamina,
quitas a vita,
colles a mina,
explótala,
hai un terremoto,
quitas a terra*

E...vaste na MOTOOOOOO!!!!!!!

☺☺☺☺☺☺☺☺



Alumno: Martín 4º EP





PASATEMPOS

Atopa, na sopa de letras, estas palabras: lapis, mesa, cadeira, libro, caderno, goma, folio, ordenador e pintura.

L	F	G	J	G	O	M	A	B	Z	I	M
A	O	R	D	E	N	A	D	O	R	E	Q
P	Q	W	E	R	T	Y	U	N	S	O	W
I	I	O	P	A	S	U	D	A	X	P	R
S	H	I	C	A	D	E	R	N	O	A	E
F	G	H	I	G	I	Q	W	E	R	S	T
J	K	L	I	B	R	O	C	M	U	D	C
Ñ	D	U	R	V	Ñ	T	C	B	T	F	A
N	F	M	O	R	S	U	O	V	N	G	D
Y	T	D	C	Z	I	I	P	L	I	H	E
Q	F	C	M	Y	L	J	R	T	P	J	I
A	E	H	M	O	I	D	O	U	C	K	R
Ñ	E	N	F	C	A	Z	U	M	V	L	A



Alumna: Carlota 4º EP



Sopa de letras

Ríos de Galicia

-Miño

-Ulla

-Tambre

-Sil

-Eo

-Tea

g	o	j	e	u	l	l	a	u	y	b	j	a
t	h	t	y	k	h	b	c	u	i	s	i	e
u	a	x	h	j	s	h	h	l	u	g	b	t
a	p	m	g	g	v	c	h	g	a	t	g	v
a	i	j	b	y	i	a	d	h	s	i	l	g
h	m	h	g	r	h	k	y	e	o	a	u	h
y	u	a	n	j	e	j	h	e	i	a	i	u
y	b	m	i	ñ	o	d	g	h	h	v	v	x

L	A	R	A	O	L	F	H
D	O	L	H	J	D	L	A
L	P	O	I	W	R	E	M
A	R	L	D	O	E	W	O
R	L	M	Á	Z	A	H	R
A	M	J	W	T	J	G	O
N	X	U	R	L	A	G	D
X	F	V	O	B	H	N	O
A	V	A	B	L	V	J	O

MAZÁ
PLÁTANO
AMORODO
LARANXA
UVA

BUSCADE:
ROSALIA
CUNQUEIRO
XELA ARIAS

R	O	S	A	L	I	A	S	E
A	S	D	G	H	O	F	S	i
C	U	N	Q	U	E	i	R	o
W	K	C	I	T	S	C	O	J
C	D	U	S	I	E	B	Q	K
S	A	i	R	A	A	L	E	X



Adiviña

- Cando hai máis, menos se ve. Que é?
A escuridade.

Atopa as diferenzas






Nenos e nenas de 5º



DEPORTES

Día do Deporte


"Todo paso conta!", por iso, convertemos un patio gris nun patio vivo e dinámico, con xogos tradicionais pintados no chan. Moitas grazas ás familias que colaboraron no pintado dos xogos!



Os xogos de cor moñato

A mi me gustaría unha araña de números e tamén unha flor e unha bolloreta, tamén un xeador e unha estrela amarela.

No patio temos uns xogos pintados preciosos: Un labirinto, un zempré, 3 en raias e labirintos.



Cecilia

Gostaríame que no cole
toubere o xogo de Xeque
mata, o xogo da Ra
e o parchís.

Neyza



Xogos tradicionais



Actividade de Deporte Escolar Plan Proxecta: Golf no aeroclube de Vigo. O alumnado de 5º de Primaria aprenderon nocións básicas de reglamento, técnica e práctica de golpeos cortos e longos. A xornada foi dirixida por monitores do clube, en colaboración co titor do grupo e o profe Óscar de educación física.





HÁBITOS SAUDABLES



Non incumprás as normas:

*Non saques a máscara se non é para comer ou beber e se o fas,
lonxe dos demás,*

*Non compartas nin materiais nin comida con ninguén. Respecta
a distancia de seguridade cos nenos d'outras clases e non fases
sen a máscara.*



Xuntos podemos conseguilo, nunca vos rindades!!!!

Nenos e nenas de 6º



COMO ME SINTO COA COVID-19

Cando a covid vino
ao planeta nos sentimos
mai mal pero inventaron
as mascarillas e grazas a iso
temos sorte! o planeta está
a salvo! podemos con todo!
Grazas médicos, grazas a todos
o covid non pode con nós!



Maria




PUBLICIDADE




Oh, non! Voltadol forte
aumentou o seu tamaño!

**PRA CANDO NOS CAIAMOS,
OU NOS DOE ALGO.**



Gulansbur: Disfruta da nosa Hamburguesa con patacas.




Nenos e nenas de 6º




O TEMPO

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO
SOLEADO	SOLEADO	SOL CON NUBES	CHUVIAS	CHUVIAS	NUBRADO	NUBRADO





DENDE A BIBLIOTECA
DE LEO LEÓN
PRETENDEMOS
DEIXAR PEGADAS NO
CORAZÓN



O PROFESORADO E LEO LEÓN
DESÉXAVOS O MELLOR!



ATA SEMPRE!!!

